

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA O PROXECTO MÚSICA NO CAMIÑO

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

Reunidos

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E por outra parte, Monseñor Alfonso Carrasco Rouco, en nome e representación do **Bispado Diocesano de Lugo**, con domicilio en Praza de Santa María N^o 1 CP- 27001 de Lugo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18^a da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.



Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- A diocese de Lugo organiza, en ocasión do Xubileo Compostelán de 2022, cinco ciclos de eventos de música sacra, coa intención de facer deles iniciativas permanentes. Algúns destes festivais son xa unha tradición consolidada na diocese, outros nacen precisamente en 2022, coa finalidade de engadir a beleza da música á fermosura arquitectónica das igrexas máis importantes e máis frecuentadas polos turistas e peregrinos da diocese de Lugo, localizadas nos distintos camiños cara o Campus Stellae. Ofreceranse ao público uns vinte e cinco concertos concentrados nos meses de xuño, xullo e agosto no marco do proxecto Música no Camiño que inclúe o Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi de Lugo "A música do peregrino", Música no Camiño Primitivo, Viae Lucenses e a Noite Coral Lucense. A maiores, fora deste proxecto proxéctase o programa Ó son de Santa María.



Entre as finalidades destas iniciativas musicais, destácase a posta en valor e promoción dos lugares de culto de importancia artística, cultural e turística da cidade de Lugo, en concreto de igrexas do Camiño Primitivo ó seu paso por Lugo. Así mesmo, tamén se ensalza a Catedral de Lugo, Patrimonio da Humanidade e fito senlleiro do Camiño Primitivo así coma a posta en valor do seu arquivo musical, xa que reuniu a través dos séculos, obras de notable importancia, ata os grandes mestres do século XX. Estes ciclos, propoñen a interpretación de ao menos unha peza do arquivo, exhibindo ao público un patrimonio pouco coñecido.

Cuarto.- Entre estes ciclos, destacamos o ciclo de **Música no Camiño**, evento que consta de varios concertos realizados nalgunhas das igrexas máis fermosas do Camiño cara Santiago de Compostela ao seu paso polo territorio da Diocese de Lugo:

FESTIVAL ORGANÍSTICO LUCENSE DO CORPUS CHRISTI. CICLO "A MÚSICA DO PEREGRINO"		
DATA	LUGAR	ACTUACIÓN
Martes 7 de xuño de 2022	S.I.C.B. de Sta. María de Lugo	Enrico Zavonello, órgano Giulio Mercati, órgano
Venres 10 de xuño de 2022	Igrexa Parroquial de San Pedro de Lugo	Felix Vogelsang, violoncello Concentus Lucensis más Paolo Alberti, Marina Malavasi, Maria Guffi, Margherita Scaramuzzino, Lidia Alicia Basterretxea Vila, Ismaele Gatti Stefano Molardi, órgano
Sábado 11 de xuño de 2022	Igrexa Parroquial de Santiago A Nova	Massimo Mercelli, frauta Giulio Mercati, órgano
Luns 13 de xuño de 2022	S.I.C.B. de Sta. María de Lugo	Orfeón Lucense Misty Schaffert, órgano



Mércores 15 de xuño de 2022	S.I.C.B. de Sta. María de Lugo	Coro Solo Voces Vibeke Astner, órgano
-----------------------------	--------------------------------	--

MÚSICA NO CAMIÑO PRIMITIVO		
DATA	LUGAR	ACTUACIÓN
Venres 15 de xullo de 2022	Igrexa do Carme	Solo Voces Fernando Gómez Jacome, director Giuseppe Nova, frauta
Mércores 20 de xullo de 2022	Igrexa Parroquial de San Miguel de Bacurín	Lidia Basterretxea Vila, soprano Joaquín Palomares, violín Joaquín Páll Palomares, violín Giulio Mercati, órgano positivo
Mércores 27 de xullo de 2022	Igrexa Parroquial de San Vicente do Burgo	Alessandra Montani, violonchelo Fabio Ciofini, órgano positivo
Mércores 3 de agosto de 2022	Igrexa Parroquial de San Marino de Poutomillos	Son de corda Díese Ensemble
Mércores 10 de agosto de 2022	S.I.C.B. de Sta. María de Lugo	Concentus Lucensis Roman Perucki, órgano

MÚSICA NO CAMIÑO. NOITE CORAL		
DATA	LUGAR	ACTUACIÓN
Venres 9 de xullo de	Igrexa de San Pedro de	Orfeón Lucense. Dirixe Marcos Manuel Fernández Mosquera



2022	Lugo	
Venres 9 de xullo de 2022	Igrexa Parroquial de San Froilán de Lugo	Solo Voces. Dirixe Fernando Gómez Jácome
Venres 9 de xullo de 2022	Igrexa Parroquial de Santiago A Nova	Coro do Hospital de Lugo. Elena Rodríguez, órgano. Dirixe Fernando Gómez Jácome
Venres 9 de xullo de 2022	Círculo das Artes de Lugo	Gruppo Vocale San Bernardo
Venres 9 de xullo de 2022	S.I.C.B. de Sta. María de Lugo	Orfeón Lucense Solo Voces Coro do Hospital de Lugo Quarteto di Brescia Gruppo Vocale San Bernardo Nicolás Varela, órgano Giulio Mercati, órgano

MÚSICA NO CAMIÑO. VIAE LUCENSES		
DATA	LUGAR	ACTUACIÓN
Xoves 21 de xullo de 2022	Igrexa do Corpiño. Santa Baia de Losón. Lalín	Lidia Basterretxea Vila, soprano Joaquín Palomares, violín Joaquín Pall Palomares, violín Giulio Mercati, órgano positivo
Xoves 28 de xullo de 2022	Igrexa Parroquial de San Xoán de Portomarín	Alessandra Montani, Violonchelo Fabio Ciofini, órgano positivo
Xoves 4 de agosto de	Igrexa Parroquial de Santa	Son de Corda



2022	María de Melide	Díese Ensemble
Xoves 11 de agosto de 2022	Igrexa de Santa María Real do Cebreiro	Concentus Lucensis Giulio Mercati, órgano

A dirección do proxecto está encomendada ao Sr. Giulio Mercati, organista italiano de proxección internacional e colaborador estable da Diocese, que dende agosto de 2021 está a cargo dos eventos organizados pola Diocese de Lugo. Resulta unha contribución moi valiosa á vitalidade do Camiño, pola harmonía da oferta musical cos fins do Ano Santo e pola gran vantaxe de poder celebralos en templos significativos para o peregrino.

Quinto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar as actuacións descritas no expoñendo anterior, pola súa incidencia na divulgación da cultura Xacobeá e do Camiño de Santiago.

Así mesmo, e no que respecta ós concertos de música sacra, estes constitúen un importante reclamo turístico da mesma cidade de Lugo e das demais vilas na época de verán, de forma que supoñen un atractivo máis

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Bispado de Lugo a única entidade organizadora das citadas actuacións.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a concesión directa dunha subvención ó Bispado de Lugo para a realización do proxecto Música no Camiño, que inclúe o Festival de Música de Órgano do Corpus Christi "A Música do Peregrino", Música no Camiño Primitivo, Noite Coral e Viae Lucenses

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 32.500,00€, co seguinte desagregamento:

MÚSICA NO CAMIÑO	CUSTO
<ul style="list-style-type: none">FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE ÓRGANO DO CORPUS CHRISTI. " A MÚSICA DO PEREGRINO	17.000€
<ul style="list-style-type: none">MÚSICA NO CAMIÑO PRIMITIVO	7.000€
<ul style="list-style-type: none">VIAE LUCENSES	4.000€
<ul style="list-style-type: none">NOITE CORAL LUCENSE	4.500€
TOTAL	32.500€

A Axencia Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 26.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0 para o ano 2022, proxecto 2018 00002. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta da entidade a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción



do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se **realicen a partir do 1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. O Bispado de Lugo, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.



- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O Bispado será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.



En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

1. O Bispado, segundo se establece nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.



b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e o logo do Xacobeo 2021-22.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2. A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a



concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Bispado remata o **1 de novembro de 2022**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

5. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, contidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegradas (ou, no seu caso, minoradas a achegas da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total das actividades.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns



conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena .- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, o Bispado de Lugo deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cubra o 110% do importe das cantidades pagadas a conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000€, de conformidade co artigo 65.4.i).



Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Bispado deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décima primeira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Bispado e por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima segunda.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Décima terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.



Décimo oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo Bispado de Lugo

M^a Nava Castro Domínguez

Monseñor Alfonso Carrasco Rouco

